ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
CV26005

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: A responsabilidade patrimonial por razóns de carácter urbanístico. Os supostos indemnizatorios

CONVOCATORIA: 1ª Convocatoria Consello Consultivo

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	CONVENIO	**HORAS:**	24
ADMINISTRACIÓN:	LOCAL	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2026
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	**TIPOLOXÍA:**	ESPECÍFICO	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 05/02/2026 - 09:00h ao 11/02/2026 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Valoración
Para os efectos do establecido na Resolución do INAP do 25 de xaneiro de 2022 (BOE núm. 26, do 31 de xaneiro de 2022), pola que se establecen os criterios de recoñecemento e valoración de cursos de formación e perfeccionamento a efectos do baremo de méritos xerais do persoal funcionario da Administración local con habilitación de carácter nacional, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 0,40 puntos.
Para os efectos do establecido no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro (DOG núm. 52, do 16 de marzo, e corrección DOG núm. 77, do 22 de abril) sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto do persoal funcionario con habilitación de carácter estatal, a este curso outorgaráselle unha puntuación de 0,30 puntos.

Este curso ten como obxectivo a formación práctica nos supostos indemnizatorios por razóns urbanísticas, comprendendo todas aquelas actuacións nas que as AAPP deberán indemnizar -ou non- aos particulares por actos e disposicións en materia urbanística, e en definitiva polo exercicio das súas competencias nesta materia.
A materia presenta especial interese científico e técnico para aquel persoal funcionario que preste servizos nos departamentos de Urbanismo, Obras Públicas, Infraestruturas ou nos servizos de instrucción e tramitación de reclamacións de responabilidade patrimonial.
A formación será esencialmente práctica, e consisitirá no análise de cada suposto indemnizatorio contemplado na lei, e os requisitos que deben darse para apreciar a existencia de responsabilidade de acordo coa normativa aplicable e a xurisprudencia que a desenvolve.
O coñecemento desta materia redunda no mellor exercicio da profesión.

DESTINATARIOS

Habilitados nacionais e empregados públicos da Administración local galega, dos subgrupos A1 e A2 e equivalentes.

PROGRAMA

T1. O Consello Consultivo de Galicia. Organización, funcionamento, e réxime xuridico.
T2. Os supostos indemnizatorios. Regulación, característica e requisitos.
T3. Responsabilidade por modificacións de planeamento. Fóra de ordenación.
T4. As vinculacións singulares
T5. A modificación ou extinción da eficacia dos títulos administrativos habilitantes de obras ou actividades determinadas polo cambio sobrevido da ordenación territorial ou urbanística
T6. A anulación dos títulos administrativos habilitantes de obras ou actividades, a demora inxustificada no seu outorgamento e denegación improcedente.
T7. A ocupación de terreos destinados pola ordenación territorial e urbanística a dotacións públicas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Criterios xerais da Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 18/05/2026 a 11/06/2026
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:** 16/06/2026 ás 17:00h
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		
LUGAR DE REALIZACIÓN		
Proba final en liña.		